

PREGUNTA DE AER SOBRE OS BENEFICIOS PARA OS USUARIOS DO TRANSPORTE PÚBLICO DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

PLENO 28 ABRIL 2016. ACTA 0006/2016

“Sobre os beneficios para os usuarios do transporte público da Área Metropolitana de Vigo cando as modificacións da lei da AMV estean vixentes. Escoitadas as declaracións da voceira do PP no pasado pleno extraordinario, adicado a manifestar o consenso innecesario para aprobar as modificacións da Lei da Área Metropolitana de Vigo; e vistas as afirmacións de dita voceira sobre o Transporte Metropolitano, preguntamos:

Unha vez aprobadas as modificacións da lei da AMV e posta esta en funcionamento, ¿que suporá para os usuarios de Vitrasa da parroquia de Chapela e/ou de Redondela en xeral: pagarán menos como os/as cidadáns de Vigo ou seguirán pagando o mesmo?”

O Alcalde sinala que o trámite de modificación da lei leva os seus pasos para que unha vez que remate se incorpore o Concello de Vigo. Hai unha xuntanza pronto e espera que Vigo anuncie que se incorpora ao transporte metropolitana.